

Divide as seguintes cláusulas segundo as funcións sintácticas que teñan e indica de que función sintáctica se trata en cada caso empregando as seguintes abreviaturas. Fíate ben no exemplo.

**SUX CD CI SUPL PVO PDO ATRIB CCM CCL CCT CCCant.
CCCausa CCI CAX SUX-PAC CCN**

Exemplo:

Déronnos unhas mazás hoxe na tenda moi saborosas.

Deron: PDO

nos: CI

unhas mazás: CD

hoxe: CCT

na tenda: CCL

moi saborosas: PVO

1. Non nos impresionou o seu discurso.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

2. As próximas eleccións serán celebradas o vindeiro mes de xuño.

3. O libro de Almudena Grandes lino eu durante o Nadal.

4. A saúde de seu pai era moi delicada.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

5. Os profesores avisaron á súa familia moi alarmados.

6. Naqueles tempos nas escolas separábase aos nenos das nenas.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

7. Denunciou ao seu veciño polo ruído insoportable.

8. Acusárono do roubo de varios portátiles.

9. Nunca o soubo ninguén.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

10. Interésavos a literatura de ciencia ficción?

11. Meus pais sempre me advertían dos perigos do exceso de confianza.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

12. Todos os participantes remataron a carreira esgotados.

13. Renunciou ao traballo polos seus principios morais.

14. As vacinas teñen que ser administradas por persoal sanitario.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

15. O candidato insistiu na súa inocencia sen vacilación.

16. Chegou o verán.

17. Todos escoitaban ao conferenciante calados e sorprendidos.

Lingua e Literatura Galega

A cláusula - Proba de aula 1

Nome e apelidos:

Nº.

18. Non mestures nunca traballo con pracer.

19. Aquel día de decembro semellaba un día de primavera.

20. Escoitouvos atentamente durante dous minutos.